



Concello de Lugo

BANDO DA ALCALDÍA

O ILMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO FAI SABER:

Ante a proximidade das festas de entroido nas que proliferan a venda e mailo uso de artificios de pirotecnia recreativa, lémbrales a todos os cidadáns, por medio deste Bando, a normativa que resulta aplicable, así como aquelas normas o cumprimento das cales parece mais necesario observar dende o punto de vista da tranquilidade cidadá.

Normativa aplicable:

- Lei Orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, sobre Protección da Seguridade Cidadá.
- Orde do 5 de decembro de 1991 (BOE núm. 11, do 13 de xaneiro de 1992), sobre catalogación de produtos pirotécnicos.
- Orde do 3 de outubro de 1973 (BOE do 17 de outubro), sobre fabricación, circulación e venda de obxectos explosivos para uso infantil.
- Circular 1/92 da Delegación do Goberno en Galicia sobre a venda e uso de artificios de pirotecnia recreativa.
- Ordenanza Municipal de Protección Ambiental do Excmo. Concello de Lugo, publicada no BOP do 19 de xuño de 1995.
- Real Decreto 230/1998, de 16 de febreiro polo que se aproba o Regulamento de Explosivos.
- Orde do Ministerio de Presidencia de 31 de xaneiro de 2007.

Os produtos pirotécnicos para a venda cumprirán as seguintes normas:

1.- Queda prohibida a fabricación, circulación e venda dos chamados “mistos de cazoleta” ou “garibaldis”, pedras detonantes ou fogueiras e, en xeral, calquera obxecto para uso infantil que presente externamente substancias explosivas ou detonantes susceptibles de contacto directo.

2.- En canto á comercialización de artificios pirotécnicos, a unidade mínima de venda ó público será o envase, debidamente etiquetado, quedando prohibida a venda de unidades soltas. Sobre cada artificio se reflectirá a lo menos, o número de orde de catalogación e o número de rexistro industrial ou o CIF ou NIF do fabricante, xa sexa nacional ou importador, excepto naqueles que polo seu pequeno tamaño ou pola súa constitución non permitan ningún tipo de impresión ou pegatina.

4.- Queda prohibida a venda ambulante de produtos pirotécnicos.

3.- Queda prohibido o subministro e uso de artificios pirotécnicos aos menores de 12 anos, a excepción dos pistóns de percusión para xoguets infantís que non terán cores vivas nin sabor doce que poidan resultar atractivos para os nenos.





Concello de Lugo

A vista de todo o sinalado e coa fin de garanti-lo máximo de tranquilidade cidadá:

- Prohíbese o uso dos produtos pirotécnicos nas vías e espazos públicos, evitándose que a súa utilización produza unha perturbación por ruídos para a veciñanza, evitable coa observancia dunha conducta cívica normal, e atenderase en todo momento ás indicacións que fagan os axentes da Policía Local.

- A realización de actividades ou comportamentos contrarios ó disposto neste Bando ou nas demais normas que resulten de aplicación serán sancionadas conforme ó disposto na Ordenanza Municipal de Protección Ambiental.

Lugo, 17 de febreiro de 2012

O ALCALDE,

Asdo. José Clemente López Orozco.



MURALLA
patrimonio da humanidade